

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 22 DE XULLO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e dous de xullo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado quince de xullo de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-


A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Jose Manuel Pérez Otero con data RE 18 de xullo de 2013 N° RE 4001, relativo a proposta de sinalización de tres circuitos de andainas saudables, dentro dos obxetivos do “Plan Galicia Saudable”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda proceder a aprobación de sinalización de tres circuitos de andainas saudables, dentro dos obxetivos do “*Plan Galicia Saudable*” e remitir a citada certificación a Consellería competente.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA RIB/S/219/07.-

Visto o expediente a nome de **DON MANUEL ALONSO PEREIRAS** con domicilio na Av. Alejandro Ferrer nº 15, en Barral – Castrelo de Miño, relativo á subvención para actuacións no 11º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Rúa Xerusalem nº 4, en Ribadavia.



A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza Reguladora das Actuacións de Rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 12 de xullo de 2013 N° RE 3945, relativa a “Creación da Comisión Territorial das Terras de Celanova”.
2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 12 de xullo de 2013 N° RE 3946, relativa a “Informe sobre a Adhesión do Concello da Bola ó Convenio Marco”.
3. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 15 de xullo de 2013 N° RE 3955, relativa a “Expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A. y Ayuntamiento de Ribadavia”, con referencia a resolución.
4. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 17 de xullo de 2013 N° RE 3990, relativa a “Expediente sancionador incoado contra el Ayuntamiento de Ribadavia”, con referencia ao prego de cargos.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-


CAMBIO TITULARIDADE LICENCIA RIB/N/65.2/12.-

Vista a solicitude de Don José Manuel Dávila Alonso en representación de José Santiago e Ramón Manuel Dávila Villar con data de RE 23 de marzo de 2012 e N° RE 1642 relativo a cambio da titulariedade de local para Bar sito na Rúa Porta Nova de Arriba nº 5 – Tv. De Porta Nova nº 1, en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local **COMPROBADO** que o local conta coa preceptiva licenza sen que a mesma estea caducada, ademáis de que non existe modificación da actividade que se vai a realizar, e que consta informe da Arquitecto Municipal de que a actividade de Bar cumpre a normativa actual para o exercicio da mesma

ACORDA:

1. Tomar coñecemento do cambio de titulariedade do local sito na Rúa Porta Nova de Arriba nº 5 – Tv. De Porta Nova nº 1, en Ribadavia, con licenza para Bar, a favor de Don José Santiago e Don Ramón Manuel Dávila Villar, o tratarse dun acto de mera



comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92, para o cal deberá proceder o pago do importe do Imposto de Actividades Económicas a ingresar na tesourería, mediante liquidación do Interventor de data 17 de xullo de 2013 de 145,53 euros.

2. Requerir ao propietario aos efectos de realizar as seguintes actuacións recollidas no informe técnico de data 26 de xuño de 2013, para conseguir o debido cumprimento das condicións de seguridade, salubridade e ornato público:

“CONDICIÓN DA FICHA PARTICULAR DO PEPRI:

Observacións: O patio actual consérvase como espazo libre de uso privado.

En base a isto, así como ó sinalado no artigo 33 das Ordenanzas do PEPRI, enténdese da necesidade de eliminar os elementos engadidos e discordantes existentes no patio: alpendres, acumulación de apeiros,...

ORDENANZAS DO PEPRI:

Artigo 46. Rótulos

- Os rótulos e anuncios comerciais e publicitarios deberán colocarse sempre na planta baixa, salvo que se xustifique e garanta a súa adecuada integración no proxecto e non se trate de edificacións catalogadas nalgún dos distintos niveis de protección.

- Os rótulos non poderán en ningún caso tapar algún elemento decorativo do edificio.

- Quedan expresamente prohibidos aqueles que sobresaian da fachada. Poden autorizarse tralo informe previo, rótulos tallados en cadeirado de granito, en letras romanas soltas sobre cantería, rótulos de letras douradas sobre o vidro transparente de escaparates, rótulos de madeira con letras pintadas ou en relevo dentro de dimensións que se imporán en cada caso, placas anunciadoras en bronce ou latón gravados, forxa ou chapa que poderá ser pintada de dimensión menor de 30 x 20 cm.

Nos establecementos comerciais non se permiten rótulos luminosos, en neon co tubo visible ou en caixas de material plástico, sobre fachada ou en “bandeirola”.

Deberá de substituírse o rótulo actual por outro que cumpra as condicións fixadas polo presente artigo.

RESPECTO DO DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN:

Na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establécese:

Artigo 9. Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

(...)

b) Mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

É polo que se considera que se deberán realizar as actuacións para acadar as condicións mínimas de ornato público; é dicir, colocarse tella cerámica curva no volume da cociña, substituírse o cano de pvc por outro de cobre ou cinc, e realizarse o acabado superficial con pintura da carpintería e cerralleiría.

RESPECTO DA SEGURIDADE EN CASO DE INCENDIO:

Na Documentación Técnica presentada alégase “ó valor etnográfico, histórico e artístico da edificación”, que “imposibilitan a execución de obras de adaptación ás actuais esixencias normativas en relación coa protección contra incendios”.

Trátase dun local de planta baixa dunha edificación que o PEPRI lle asina un Grado de Protección Estrutural. A estrutura horizontal de teito está formada por forxados de madeira que se apoian sobre muros de carga de fábrica de pedra.



Na actualidade conta con iluminación de emerxencia e extintor.

Tendo en conta a superficie do local, así como ás reducidas distancias de evacuación, e en base ó sinalado no apartado 3 do artigo 2 da Parte I do Código Técnico da Edificación: “a posible incompatibilidade de aplicación deberá xustificarse no proxecto e, no seu caso, compensarse con medidas alternativas que sexan técnica e economicamente viables”; considerase que a dimensión dos elementos estruturais do teito de madeira poderá compensarse cun tratamento superficial do mesmo mediante sales de boro, borax, ou calquera outro inhibidor de lume”.

CERTIFICACIÓN Nº 5 DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 5 da obra denominada “Rehabilitación da Área Recreativa da Veronza-O Xestal”, redactada pola Técnico Director da Obra Dona María Escudeiro Rossignoli, executado pola empresa Serviterra Enxeñería, S.L., por un importe total de 33.576,91 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 5, anteriormente indicada por importe de 33.576,91 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñería, S.L. co nº 130014, de data 15.07.2013, pola mesma cantidade.

ORDE DO 13 DE MAIO DE 2013 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELECTRICAS QUE TRANSCORREN POR UN OU VARIOS TERMOS MUNICIPAIS NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIGONAL (FEDER) DENTRO DO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013.-

“Vista a Orde do 13 de maio de 2013 pola que se establecen as bases para a concesión das axudas para o soterramento de infraestructuras eléctricas que transcorren por un ou varios termos municipais na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), dentro do marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención e comprometerse a acometer a actuación solicitada (Soterramento de liñas de distribución e de alumeadado público (Salgado Moscoso; General Aranda; Queipo de Llano).

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.



**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente,
do cal, coma Secretario, certifico.

